

Programa de acompañamento a provedores

**EROSKI IMPULSA 4500 HORAS DE FORMACIÓN EN
SUSTENTABILIDADE PARA FORTALECER A PRETO DE 400
PROVEDORES LOCAIS**

- O programa acada as 394 empresas proveedoras no País Vasco, Galicia, Navarra e Aragón, cun modelo de diagnóstico individualizado e mellora continua.
- EROSKI reforza o seu papel como empresa tractora mediante alianzas con clústeres agroalimentarios e entidades locais para fomentar a formación en criterios ambientais, sociais e de gobernanza.
- A iniciativa facilita ferramentas prácticas e contidos especializados en ámbitos como a pegada de carbono, o deseño ecolóxico de envases, a economía circular, o desperdicio alimentario e a elaboración de informes de sustentabilidade.

Elorrio, 23 de febreiro de 2026.– [EROSKI](#) reforzou durante o último exercicio de 2025 o seu Programa de acompañamento a provedores, acadando un total de 4500 horas de formación en materias ambientais, sociais e de gobernanza, que se impartiron grazas á colaboración con clústeres agroalimentarios locais e ao Pacto Mundial. No marco deste programa, a cooperativa xa diagnosticou a 394 provedores, que recibiron un informe individualizado cos seus aspectos diferenciais e as áreas de mellora, consolidando así unha iniciativa orientada a fortalecer a competitividade e a sustentabilidade do tecido produtivo da súa contorna.

O Programa de acompañamento é unha das principais iniciativas de EROSKI para impulsar un modelo de colaboración responsable cos seus provedores, sobre todo os pequenos produtores agroalimentarios. Con esta iniciativa, a cooperativa ofrece ferramentas prácticas e formación especializada que permiten ás empresas avanzar en ámbitos clave, como a redución do impacto ambiental, a eficiencia dos procesos, a xestión responsable e a adaptación ás novas esixencias normativas.

Durante 2025, ademais das sesións formativas presenciais e en liña, EROSKI reforzou a difusión de coñecemento mediante boletíns informativos trimestrais dirixidos aos seus provedores, cos que se compartiron máis de 90 iniciativas de formación dispoñibles nos distintos territorios.

**EROSKI: Dirección de comunicación
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa
Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

O aumento das horas de formación que se impartiron, que acadan as 4500, reflicte a aposta da cooperativa por ir máis alá do diagnóstico e avanzar cara ao acompañamento efectivo, estruturado e continuo, que permita que os seus provedores integren a sustentabilidade como eixe estratéxico da súa actividade.

«En EROSKI, entendemos a sustentabilidade como un traballo conxunto en toda a cadea de valor. No diálogo cos nosos provedores, sobre todo cos produtores locais, vemos que adaptarse ás novas esixencias ambientais, sociais e de gobernanza supón un reto importante. Co Programa de acompañamento, queremos estar ao seu carón, axudándoos a diagnosticarse e reforzar a súa capacidade para avanzar mediante a mellora continua. As 4500 horas de formación que se impartiron este ano reflicten este compromiso real de medrar xuntos cara a un modelo alimentario máis sostible», afirma **Cristina Rodríguez Domingo, responsable de Sustentabilidade de EROSKI**.

Implantación territorial e colaboración co ecosistema local

A implementación do programa articúlase de forma diferente en cada territorio, adaptando a folia de ruta formativa ás necesidades identificadas nas empresas proveedoras. Xa temos 103 provedores diagnosticados no País Vasco, onde naceu a iniciativa en 2022; 181 empresas do ámbito de VEGALSA-EROSKI en Galicia; e 55 en Navarra e Aragón, respectivamente. As accións de formación, as formacións especializadas e os boletíns informativos trimestrais compártense con todas as empresas proveedoras locais de cada territorio, reforzando a sustentabilidade en toda a cadea de valor.

A colaboración cos clústeres agroalimentarios permitiu desenvolver contidos especializados en ámbitos como a pegada de carbono, o deseño ecolóxico de envases, a economía circular, a gobernanza climática ou a adaptación ás novas normativas en materia de desperdicio alimentario e elaboración de informes de sustentabilidade. Así, EROSKI reforzou o seu papel como empresa tractora en iniciativas colectivas como os programas PROALIS e PROALIS CARBON desenvolvidos xunto con Clusaga en Galicia, o proxecto FoodESG co Basque Food Cluster no País Vasco ou o programa de formación sobre sustentabilidade para o sector agroalimentario de NAGRIFOOD en Navarra, orientados a facilitar formación e ferramentas prácticas para a xestión e a elaboración de informes de sustentabilidade.

En Aragón, a cooperativa deu un paso máis mediante un acordo coa Asociación de Industrias Alimentarias de Aragón para impulsar novas accións de formación ao longo de 2026, consolidando así un modelo de acompañamento continuo e aliñado coas necesidades reais da cadea de valor.

Acerca de EROSKI

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,7 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial, a finais do 2024, suma 1502 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de gasolinerías, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6,4 millóns de socios clientes e máis de 27 600 persoas no seu cadro de persoal, das cales case 9000 son socias propietarias.

**EROSKI: Dirección de comunicación
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950